

**FICHA DE PRESENTACIÓN DE UNA PREGUNTA PARLAMENTARIA
CON SOLICITUD DE RESPUESTA ESCRITA (Artículo 130)**

Elegir un solo destinatario:

PRESIDENTE DEL CONSEJO EUROPEO

CONSEJO

VICEPRESIDENTA / ALTA REPRESENTANTE

COMISIÓN

Pregunta prioritaria

AUTOR(ES): María Lía Senra Rodríguez

ASUNTO: Vulneración do principio de obxectividade e pluralidade na CRTVG
(especificuese)

TEXTO:

Os traballadores e traballadoras da Compañía de Radio Televisión de Galicia cumpren hoxe 15 semanas secundando unha intensa campaña de “Venres negros” (1) para denunciar a vulneración dos principios de obxectividade, pluralidade e imparcialidade nos medios de comunicación audiovisuais públicos galegos. O uso partidista diario dos servizos informativos para beneficiar ao partido do Goberno e desacreditar á oposición é escandalosamente notable, feito que levou o 15 de xuño a dous dos xornalistas máis veteranos e coñecidos da TVG, Alfonso Hermida e Tati Moyano, a dimitir como presentadores do Telexornal para denunciar o control ao que está sometido todo o persoal da canle pública.

O Comité de Empresa da CRTVG denuncia que a manipulación se exerce ocupando sempre os postos de control dos informativos e programas con persoas afíns e partidistas, apartando ás persoas críticas (2).

Tendo en conta que o pluralismo nos medios de comunicación forma parte do dereito á liberdade de expresión consagrado no artigo 11 da Carta dos Dereitos Fundamentais da UE, e tendo en conta que o Comité de Empresa da CRTVG rexistrou recentemente unha Petición na Comisión de Peticións do Parlamento Europeo para que se investigue esta vulneración,

Que iniciativas tomará a Comisión para garantir o pluralismo na CRTVG?

(1) <https://www.facebook.com/defendeagalega.1>

(2) <https://www.publico.es/sociedad/seis-ejemplos-manipulacion-informativa-tele-feijoo.html>

Firma(s):

Fecha: 31/08/2018

